ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 16/10/2026
HASH: 8446c83cc8ac34dfea011e637efbbb6d

DECRETO
Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026

EXPEDIENTE 3310/2026

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Ante a necesidade de constitución a través do sistema de provisión que se sinale para cada posto de traballo, de Bolsas de Traballo no Concello da Guarda, que permitan a cobertura interina ou de carácter temporal das prazas sinaladas ao efecto, sendo redactadas as correspondentes bases de selección

En virtude das facultades que me confire a vixente lexislación en materia de Réxime Local e sendo emitidos informes pola Secretaría e pola Intervención municipal. **RESOLVO:**

1.- Aprobar a convocatoria e as bases para a constitución de bolsa de traballo no Concello da Guarda para o Conservatorio Municipal, co seguinte tenor literal:

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO NO CONCELLO DA GUARDA PARA O CONSERVATORIO MUNICIPAL.

PRIMEIRA: OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é a constitución a través do sistema de provisión que se sinale para cada posto de traballo, de Bolsas de Traballo no Concello da Guarda, que permitan a cobertura interina das prazas sinaladas ao efecto nas presentes bases.

SEGUNDA: POSTOS OBXECTO AS PRESENTES BASES.

Os postos obxecto da presente convocatoria son os seguintes:

- **Profesor de piano (ANEXO III)**
- **Profesor de violín (ANEXO IV)**
- **Profesor de gaita (ANEXO V)**
- **Profesor de vento metal (ANEXO VI)**
- **Profesor vento madeira (ANEXO VII)**
  Profesor linguaxe musical (ANEXO VIII)

Nos ANEXOS anteditos se determinará o tipo de persoal, titulación esixida, xornada,réxime retributivo, modo de provisión, e sistema de selección.

TERCEIRA: NORMATIVA APLICABLE.

Á presente convocatoria e bases será de aplicación do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; a Lei 2/2015, do 9 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG) e polo resto de disposicións legais e regulamentarias aplicables.

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)
Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es
www.aguarda.es

Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 22

CUARTA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, segundo o previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, salvo que por lei establézase outra idade máxima para o acceso ao emprego público.
d) Estar en posesión da titulación esixida para cada un dos procesos de selección, ou en condicións de obtela, na data en que termine o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
f) Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas, ou ás Entidades Locais, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, propias do corpo, escala ou categoría obxecto da presente convocatoria mediante sentenza firme ou por ser despedido disciplinariamente de conformidade co previsto no artigo 56.1. d) do D. L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
Os requisitos para poder participar en cada proceso selectivo deben posuírse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

QUINTA: FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes poderán presentarse no Concello, en horario de atención ao público e no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da respectiva convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente, as ditas solicitudes tamén se poderán presentar por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou naqueloutras previsións normativas concordantes e/ou substitutivas deste artigo).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

Cando a instancia non se presente directamente no rexistro da Corporación, o concursante deberá xustifica-la data de imposición do envío na oficina de correos (para este suposto) ou mediante o selo de entrada (para o caso de presentarse vía rexistro doutra administración cando tal forma fose admisible). Neste caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío, e anunciar o mesmo día ao Concello, por mail a rexistro@aguarda.es, a remisión da

DECRETO
Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 22

instancia. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso que se recibira unha vez comezado o proceso de selección. En todo caso transcorridos 15 días hábiles dende a terminación do prazo de presentación, non será admitida ningunha documentación anunciada dentro de prazo que non fora presentada no rexistro municipal.

Xunto coa dita solicitude os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

a) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación mediante a instancia incluída no Anexo I das presentes bases debidamente asinada.

b) DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade do aspirante.

c) Titulación esixida.

d) Acreditación documental de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega requirido.

e) Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos (o aspirante deberá aportar o modelo de relación de méritos con autobaremación contido no Anexo II debidamente asinado).

Documentación acreditativa dos méritos alegados. Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes. Se non se presentara fotocopia do mérito alegado no prazo indicado, se solicitará do aspirante a aportación da mesma, outorgándolle para elo un prazo de tres días hábiles dende que se lle requira.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou outro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar, así mesmo, certificado dos citados órganos, ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Debendo advertir, igualmente, xunto á presentación da solicitude, de ser o caso, se precisaran algún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

SESTA: ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía aprobará, no prazo máximo dun mes, as listas provisionais de aspirantes admitidos e excluídos, que se fará pública no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Nas citadas Resolucións se sinalarán os aspirantes admitidos e excluídos e, no seu caso, as causas de exclusión. Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos, disporán dun prazo improrrogable de 5 días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución

DECRETO Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 22

no BOP, para corrixir os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

As alegacións/emendas serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía (que será obxecto de nova publicación no BOP, así como no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal), e na que se aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos; na mesma, tamén se determinará a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partires do seguinte ao da publicación.

SÉTIMA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1) Os membros do tribunal cualificador de cada proceso de selección serán designados por Decreto de Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro. Artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade.

2) O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, todos eles con voz e voto, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

3) A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laboral temporal, o persoal eventual, e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

4) O tribunal, previo nomeamento por Resolución de Alcaldía, poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

DECRETO Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 22

5) A Presidencia, xuntamente coa lista de admitidos, publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello www.aguarda.sedelectronica.gal a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

6) Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Sr. Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

7) O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso.

8) A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e procedemento administrativo común e as bases reguladoras de esta convocatoria.

9) No caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

10) Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ó amparo da lexislación vixente.

OITAVA: COMEZO E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar no BOP e no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo.

Todos os anuncios do desenvolvemento do proceso anunciaranse no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Guarda.

NOVENA: CUALIFICACIÓN FINAL. RESOLUCIÓN DE EMPATES.

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida nos diferentes apartados.

DECRETO
Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 22

En caso de empate, se decidirá a favor do aspirante que houbera obtido unha mellor puntuación no apartado de servizos prestados; no caso de persistir o empate, se resolverá atendendo á mellor puntuación obtida no apartado de formación; e de persistir a igualdade, se dirimirá o empate mediante sorteo.

DÉCIMA: RELACIÓN DE INTEGRANTES DA BOLSA DE TRABALLO E FUNCIONAMENTO DA MESMA.

Transcorrido o prazo para a presentación de reclamacións, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web, a relación dos aspirantes que formarán parte da Bolsa de traballo por orde de puntuación, xunto coas cualificacións obtidas.

Formarán parte da bolsa de traballo todas as persoas que superasen o correspondente proceso de selección, por orde de puntuación, sendo obxecto de aprobación mediante Resolución da Alcaldía, que será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello da Guarda (aguarda.sedelectronica.gal).

A bolsa de traballo constituída conforme ao apartado anterior permanecerá vixente ata tanto se constitúan as derivadas dos procesos selectivos da seguinte oferta de emprego público para o correspondente corpo, escala, especialidade ou categoría profesional. Os aspirantes de bolsas anteriores que estean contratados no momento de aprobación da presente bolsa continuaran prestando servizos ata a finalización do seu nomeamento.
O integrante da bolsa que nalgún momento deba ser nomeado como persoal interino para a súa incorporación a un posto de traballo no Concello, causará baixa na bolsa, e unha vez finalizado o seu nomeamento, volverá causar alta na bolsa de emprego e no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

Procedemento de chamamento:

O chamamento producirase por rigorosa orde de puntuación.

Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, polos medios de contacto que a persoa candidata consigne na súa instancia, teléfono móbil, fixo ou correo electrónico, do que se deixará constancia mediante unha dilixencia, dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado. Se non se recibe contestación no prazo indicado ou se rexeita a notificación equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

Unha vez establecida a orde dos aspirantes na bolsa de traballo, no caso de que xurdiran varios contratos nunha mesma categoría se ofertará o de maior duración ao primeiro da lista.

Renuncias:

DECRETO Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 22

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:

l Primeira renuncia: Seis meses de exclusión.

l Segunda renuncia: Exclusión definitiva da lista.

Non afectarán as renuncias ós supostos seguintes:

- Supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;

- Supostos de incapacidade temporal (IT);

- Supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;

- Supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, no prazo de 5 días naturais a contar desde o chamamento, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

Por razóns de axilidade de funcionamento da bolsa, tras unha renuncia por causa xustificada, o aspirante deberá comunicar ó Concello a finalización da causa concorrente, non reiterándose entre tanto os chamamentos, por entender que a causa subsiste.

Debido a diversidade de tipoloxía das coberturas que prevé o artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, e para garantir que os aspirantes con maior puntuación poidan ter preferencia para elixir as respectivas coberturas, se establece a regra de que cando se proceda a un chamamento para unha cobertura interina de duración estimada superior a un mes, se chamará tamén as persoas integrantes da lista que xa se atopen prestando servizos no Concello, para que poidan escoller entre o posto desempeñado ou o ofrecido.

DÉCIMO PRIMEIRA: PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA ACCEDER AO POSTO UTILIZANDO O LISTAXE DE RESERVA.

DECRETO Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 22

Cando se tramite o expediente de chamamento do aspirante, no prazo dos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se lle requira, presentará no Rexistro Xeral do Concello de A Guarda os documentos que se especifican seguidamente:

A) Fotocopia do título esixido no artigo 3º, ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición.

B) Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentencia firme.

C) Fotocopia da cartilla da S.S.

D) Certificado número de conta bancaria co número IBAN completo.

DÉCIMO SEGUNDA: LEXISLACIÓN APLICABLE E INCIDENCIAS.

Rexerase polo establecido nas presentes bases, e na súa falta, polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; pola Lei 2/2015, do 9 de abril, do Emprego Público de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; o Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado; e o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados Recurso de Reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía-Presidencia, previo ao Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, ou, á súa elección e de conformidade co previsto no artigo 14.1 regra segunda da Lei 29/1998, do 13 de xullo, será o xulgado ou o tribunal en cuxa circunscrición teña o interesado o seu domicilio ou se ache a sede do órgano autor do acto orixinario impugnado, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).
O Tribunal quedará autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde dos procesos de selección, en todo o non previsto nestas Bases.
Os erros de feito que puidesen advertirse, poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado.

DECIMO TERCEIRA: BASE FINAL.

DECRETO Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 22

As presentes bases están ao dispor dos/as partes interesadas na Secretaría deste Concello para a súa consulta, e na sede electrónica do Concello www.aguarda.sedelectronica.gal.

ANEXO I

INSTANCIA PARA A PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE:

NOME E APELIDOS:
DNI:
ENDEREZO:
TELÉFONO:
ENDEREZO ELECTRÓNICO: Medio/s de contacto para chamamento:

EXPÓN:
Que, desexando participar no proceso selectivo ó que se refire a presente instancia declaro baixo a miña responsabilidade que:

1. Coñezo e acepto as bases reguladoras que rexen o proceso selectivo.
2. Reúno os requisitos xerais esixidos na base segunda das bases reguladoras.
3. Posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asinadas ao posto.
4. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas.
5. Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

DECRETO Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 22

Achégase a seguinte documentación:

1. Copia do DNI.
2. Documentación acreditativa da titulación esixida.
3. Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos (o aspirante deberá aportar o modelo de relación de méritos contido no Anexo II).
4. Acreditación documental de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega requirido.(CELGA 4).

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

....., ... de ..... de ……..

(Sinatura do/a solicitante)

ANEXO II MODELO DE RELACIÓN DE MÉRITOS

APELIDOS:	**NOME**	**DNI:**
BAREMO		
1) Formación específica + 2) Titulacións + 3) Experiencia profesional		**TOTAL:**

1) Formación específica			
Denominación do curso ou titulación	**Impartido por:**	**Núm. de horas**	**Puntos**
PUNTUACIÓN TOTAL:			

2) Titulacións			
Denominación da titulación	**Impartido por:**		**Puntos**

DECRETO Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 22

PUNTUACIÓN TOTAL:			

3) Experiencia profesional						
Empresa/Administración	**Posto**	**Período**		**Total**		**Puntos**
		Dende	**Ata**	**Días**	**Meses**	
PUNTUACIÓN TOTAL:						

ANEXO III.- BASES ESPECÍFICAS PROFESOR PIANO.

Denominación da praza: PROFESOR PIANO.

Clase de persoal: LABORAL

Titulacións/ certificados esixidos:

1.- Título superior ou medio de piano (plan de estudos Decreto 2618/1966), Título Superior de piano LOXSE ou LOE. Estar en posesión do título superior de música na especialidade de piano ou outra titulación equivalente para o exercicio da docencia na especialidade de piano.

2.- Estar en posesión deo CELGA 4 ou equivalente, debidamente homologado, como mínimo.

Xornada: a tempo parcial coas horas semanais que correspondan ao posto.

Retribucións: As retribucións serán as que correspondan de acordo coa lexislación vixente e o orzamento municipal na data de cada chamamento.

Sistema de acceso:concurso de méritos

CONCURSO:

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a **8 puntos**. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

a) Formación na praza obxecto da convocatoria nos seguintes termos:

DECRETO Número: 2026-1590 Data: 16/10/2026
Cod. Validación: C2XRA5YEZLS93K279KED7JE6X
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 22

